

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 30/10/2017. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 5 de setembro de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 2637

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PROCESO SELECTIVO URGENTE PARA A SELECCIÓN COMA PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO MARCO DO PROGAMA DEPUEMPREGO FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

- .- UN OFICIAL ELECTRICISTA O 80 % DA XORNADA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DURANTE 10 MESES.
- .- UN OFICIAL PARA O SERVIZO DE PARQUES E XARDINS DURANTE 6 MESES.
- .- UN TRABALLADOR/A SOCIAL, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERIODO DE 10 MESES E A XORNADA PARCIAL (4 horas día)
- .- UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERIODO DE 6 MESES.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 agosto de 2017 aprobou as bases que han de rexer a selección urgente como persoal laboral temporal das indicadas prazas polo sistema de concurso oposición no marco do "Programa Depuemprego" financiado pola Excelentísima Deputación Provincial de Lugo.

Dende a publicación deste anuncio as bases estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal (www.monfortedelemos.es).

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio.

Os sucesivos anuncios relacionados coa convocatoria realizáranse no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Monforte de Lemos, 4 de setembro do 2017.- O Alcalde, José Tome Roca

R. 2638
